

CONSENTIMENTO INFORMADO PARA O TRATAMENTO DE IMAXES/VOZ DE ALUMNOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

A rápida evolución tecnolóxica, así como a proliferación de plataformas de difusión da actividade dos centros docentes, implica o tratamento de datos de carácter persoal do alumnado con finalidades distintas á estritamente educativa, polo que é necesario contar co consentimento de pais e/ou titores do alumnado menor de 14 anos ou do propio alumnado, se estes teñen 14 ou máis anos, para o tratamento destes datos.

A finalidade deste documento é:

- **Informar os pais/titores do alumnado menor de 14 anos e a o alumnado maior de 14 do centro, do tratamento que este realizará das imaxes/ voz do mesmo.**
- **Solicitar o consentimento de pais, titores ou alumnos como base xurídica que permitirá ao centro o tratamento das imaxes/voz dos alumnos.**

Con carácter previo á firma do presente documento vostede **deberá ler a información relativa á protección de datos de carácter persoal** sobre o tratamento de imaxes/voz dos alumnos, que se detalla ao pé deste mesmo documento:

O/A alumno/a

con DNI _____ no seu propio nome ou, no seu caso, o/a titor (a) legal

CONSIÑTE

NON CONSIÑTE

Á **ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA do CONCELLO DE NEGREIRA** para que fotografe e grave imaxes e sons na Escola Municipal de Música de Negreira nas que apareza o/a neno/a citado/a, ben individualmente ou estando co grupo. As imaxes e os sons poderán difundirse a través de reportaxes de prensa, radio, televisión, páxina web institucional do concello, RRSS do Concello e blog da Escola Municipal de Música ou pasar a formar parte do arquivo do Concello de Negreira para utilizalas en campañas de promoción. En todo momento serán respectados os dereitos da infancia.

En _____, a ___ de _____ de 20 ____.

Fdo.- _____
(Nome, apelidos e sinatura)

Segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), e a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de decembro, así como o estipulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á Honra, á Intimidade persoal e familiar e á Propia imaxe, o CONCELLO DE NEGREIRA, con CIF P1505700C e enderezo en Rúa Carmen, 3, 15830 Negreira (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. A autorización e licenza de uso da imaxe do Autorizante realizada neste acto refírese exclusivamente ás fotografías, vídeos ou calquera outro tipo de gravacións dixitais realizadas polo Concello de Negreira, cos exclusivos fins anteriormente referenciados, polo que o Concello de Negreira poderán facer uso das imaxes aos únicos efectos antes mencionados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada na obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.a de o RXPd. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes en prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento destes servizos. Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@concellodenegreira.es ou a través do Rexistro xeral do Concello de Negreira incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <https://concellodenegreira.gal/index.php/es/politica-de-privacidad>